



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE TRECE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**  
**(ACTA NÚMERO 01)**

**Presidenta:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **trece de xaneiro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D<sup>a</sup>. Tareixa Ant3a Ferreiro Tall3n, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Jos3 Tom3 Roca, re3nense as se3oras e se3ores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o señor Presidente don José Tomé Roca.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO EVENTO DEPORTIVO CICLISMO “O GRAN CAMIÑO”.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Patrocinio do evento deportivo ciclismo “O Gran Camiño”, anualidade 2023, consta no mesmo:

1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BQ6AYLTRNTPU7DXVGKYTHGA.

2.- Informe complementario á memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BRX63NRZ3PF6YY4XBZXAEA.

4.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7BQ6AZH4BP37Z66NN5I5CBMQ.

5.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BQ2RTDZPKUVHPSMXUARBXMA.



6.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BSGTCF5G3QVNLCA74KT3HDY.

7.-Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Patrocinio do evento deportivo ciclismo “O Gran Camiño”, anualidade 2023.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á empresa Eze Mosquera Events S.L. a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 100.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 21.000,00 €, o que fai un total de 121.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DAS GUÍAS “LUGO ROMÁNICO-A ULLOA”, “LUGO ROMÁNICO: ANCARES-COUREL-SARRIA” E TRÍPTICOS COMPLEMENTARIOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de decembro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato e providencia de inicio, con CSV:IV7A64I2JUZ52TWJYQI475PEBY.

2. Prego de prescricións técnicas con CSV:IV7A64I2OBWN3RO7AH5G4ERRM4.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:IV7AZXDDEDUYXXJNYMACGMAEAU.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7A3SSLDIU7USN2WQIBK4HD6E.

5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A3SSJP5RYX2ULSMXWCRPDIA.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7A3UPLYHZ3V2ULW46GGMJACQ.

7. Proposta de Presidencia, con CSV IV7AETXOLNZ7ZLR4UMN4KEKHCY.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de novembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o



procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AECKKCEHOWSHNQE5F6VZBGM.

9.- Acta da Mesa de Contratación do día 22 de novembro de 2022, con CSV IV7AGWT4BAPLX7J3ADYS53ZUC4, na que se acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento, Producciones 60 Ráfagas S.L., presentou oferta.

Procédese á apertura da declaración de cumprimento de requisitos previos, presentada polo licitador, resultando correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adjudicación e proceder á apertura do sobre que contén a oferta avaliable mediante fórmulas matemáticas ou de forma automática, resultando o que se indica a continuación.

“Comprométese a executar o obxecto do contrato con unha porcentaxe de desconto sobre o prezo máximo de 0 % (Prezo máximo 36.179 euros, IVE incluído)”.

Procédese a levar a cabo a valoración en aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente á proposición presentada polo licitador nesta primeira fase do procedemento, co resultado seguinte: 0 puntos, xa que conforme ao previsto na letra K do cadro resumo do PCAP, en caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos, aínda que será admitida.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos á dirección habilitada polo licitador a efectos de notificación a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público, no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación”.

10.-Acta da Mesa de Contratación do día 29 de novembro de 2022, con CSV IV7AGOJ5LD6T7WBTTY7CEZHAOA, na que se acordou o seguinte:

(...) “A Mesa procedeu á apertura dos sobres electrónicos que conteñen os criterios avaliados automaticamente desta segunda fase do procedemento negociado (Anexo II bis), resultando o que se indica a continuación:

“Comprométese a reducir o prazo de entrega en 11 días (prazo de entrega máximo un mes)”.

Sendo que o PCAP establece que para unha redución superior a 10 días concederanse 15 puntos, resulta que a puntuación nesta segunda fase é de 15 puntos.

Procédese afectar a valoración total, en aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente á proposición presentada por Producciones 60 Ráfagas S.L., co resultado seguinte:

Puntuación fase 1 oferta económica	Puntuación fase 2 redución prazo de entrega	Puntuación total
0 puntos	15 puntos	15 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Outorgar á licitadora Producciones 60 Ráfagas S.L. a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS S.L.	15 puntos

2º.- Requerir a Producciones 60 Ráfagas S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro



Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE excluído)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
29.900 €	1.495 €

11.- Resolución de Presidencia de 2 de decembro de 2022, de clasificación e requirimento de documentación con CSV IV7AHUP33QM6UWFCW4FGCAQEAI

12.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 7 de decembro de 2022.

13.-Documentación presentada pola empresa a través da plataforma de contratación do sector público o día 7 de decembro e complementada a través da sede electrónica da Deputación o 19 de decembro de 2022.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 26 de decembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpóranse ao expediente certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da seguridade social.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Producciones 60 Ráfagas S.L., a contratación da subministración das guías “Lugo románico- A Ulloa”, “Lugo románico: Ancares- Courel- Sarria” e trípticos complementarios. 2022/CON\_02/000073, polo importe de 29.900 €, aos que se engadirá o IVE (21%) de 6.279 €, o que fai un total de 36.179 €.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Producciones 60 Ráfagas S.L., a contratación da subministración das guías “Lugo románico - A Ulloa”, “Lugo románico: Ancares – Courel - Sarria” e trípticos complementarios. 2022/CON\_02/000073, polo importe de 29.900 €, aos que se engadirá o IVE (21%) de 6.279 €, o que fai un total de 36.179 €.

**2º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**3º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

**4º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo ao interesado.”





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DO “SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS EDIFICIOS DO ANEXO I DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS. FORMALIZADO COA EMPRESA “ACIERTA ASISTENCIA, S.A”.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Emítese o presente, a petición da xefatura de servizo de Contratación e e Fomento, o terse comunicado pola responsable do contrato diversas incidencias na prestación que están a afectar a consecución dos fines que motivaron que se informase a súa necesidade licitación e adxudicación, resultando;

Antecedentes:

Son antecedentes inmediatos, ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Con data de 27 de maio de 2022 pola Xunta de Goberno, foi adxudicado o contrato de Mantemento e conservación dos edificios relacionado no anexo I do PPT que se refire ó Pabellón nº 4 e Capela de Santa María, Museo Provincial, Pazo dos Deportes e Pabellón Anexo, Escola de Piragüismo, Museo de San Paio de Narla, Museo do Mar, Museo do Pazo de Tor, de titularidade de desta Deputación.

Asinouse acta de inicio e foi formalizado o contrato con data 30 de xuño de 2022.

Consta informe con CSV IV7AGWJTOEBT5WR7WZOFGUPCGA da unidade xestora accesible integramente na sede electrónica que reflicte diversas comunicacións co contratista, así

como a descripción de diversas desatencións dos requirimentos practicados e o análise das posibles consecuencias previstas nos pregos, que conclúe:

“Queda demostrado que a empresa adxudicataria non atende a mecánica do contrato e xa non se trata dunha prestación defectuosa se non da falta de execución total, polo que incumpre claramente, entre outros, o obxecto principal do contrato que é o de executar o mantemento dos edificios comprendidos no Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas.

Dado que o Prego de Cláusulas Administrativas permite a Administración optar pola resolución do contrato con perda de garantía ou pola imposición de penalidades no caso de que o contratista realice defectuosamente as prestacións obxecto do contrato e tal como se demostrou, no descrito anteriormente, a falta de interese por parte de empresa adxudicataria en realizar as prestacións ofertadas, segundo as formas, os prezos e tempos establecidos nos pregos que rexen o contrato, incumprindo o obxecto principal do contrato, considerase que a resolución do contrato é a opción máis adecuada e por tanto proponse a resolución do contrato de “Servizo de mantemento e conservación dos edificios do anexo I do prego de prescricións técnicas. 2022/CON\_02/000011”.

Asimesmo consta informe da unidade xestora data 10 de xaneiro de 2023 con CSV IV7BS7LM3AUDQT62QNYF4RYXKQ, no que se ratifican as circunstancias informadas con data de 22 de novembro de 2022 e por tanto que non se atende de xeito sistemático ás programacións e ordes de traballo, nos termos establecidos no contrato.

As condicións da adxudicación que derivan da oferta do adxudicatario e que constan no propio documento de formalización implican a execución dos traballos nos termos establecidos nos pregos así como dacordo coas ordes e instrucións dictadas polo responsable do servizo.

Polo tanto, considerando os antecedentes, se pon de manifesto a frustración do contrato por causas, que segundo a responsable do contrato, resultan imputables ó contratista e que na practica implican a inexecución do mesmo.

Visto o anterior, e que segundo o informado polo servizo de arquitectura o contratista foi requirido de xeito expreso e reiterado para a execución do contrato, esta administración pode considerar que se está a verificar a vontade deliberada de incumprir o contrato por parte da



contratista resultando precisa a tramitación dos procedementos legalmente previstos dacordo coa seguinte;

Lexislación aplicable:

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

I.- Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón a inexecución do contrato e a desatención das ordes cursadas pola responsable do contrato.

Como inicio das consideracións do presente, compre recordar que a execución do contrato non se está a producir nos termos previstos no prego - de facto, non se está a producir- e que polo tanto se está a frustrar a finalidade e necesidade do mesmo cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Compre indicar igualmente e con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista e asimesmo das condicións previstas no proxecto o que ten ofertado sen reservas en plena liberdade para configurar a súa oferta.

Respecto da situación de execución do servizo, dos datos obrantes no expediente se deriva o incumprimento do contrato, aínda que se teñen verificado certos contactos e actuacións

incompletas verificase a inactividade do contratista e a falta de execución dos traballos nos termos adxudicados, en definitiva, unha clara conducta omisiva que frustra a finalidade do contrato.

A prestación do contrato nestos termos, se identifica coa causa de resolución prevista no art 211.1 f) da LCSP, resultando deber desta administración, na tutela do interese xeral ó que serve o contrato, tramitar ao expediente de resolución contractual.

## II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, o incumprimento da obriga principal do contrato, isto é, a falta de actividade de mantemento dos edificios incluídos no obxecto do mesmo nos tempos, formas e regularidade previstos e requiridos, encaixa nas conductas expresamente previstas como constitutiva de causa de resolución contractual ós efectos do disposto no artigo 211.1 f) “1. Son causas de resolución del contrato..... f) El incumplimiento de la obligación principal del contrato”.

Pode apreciarse das manifestacións da responsable do contrato, que o contratista non cumpre co plan de traballos de mantemento preventivo, e se desatende de xeito palmario o mantemento correctivo, facendo precisos múltiples requirimentos para o inicio de traballos de reparación que non se inician, e que de iniciarse tampouco se executan de conformidade ó o establecido nos pregos.

Parece claro, que por parte do contratista se teñen incumprido de xeito sostido e reiterado as súas obrigas contractuais, de xeito que a súa conducta omisiva se configura en si, e con carácter inicial, como causa de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

Aprecianse igualmente os esforzos da administración para reconducir a execución do contrato e a absoluta displicencia do contratista, que redonda nun potencial deterioro das instalacións e edificios provinciais a manter e conservar.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias proporcionais á gravidade que supón que se frustrate o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia, e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, poderían corresponder os seguintes efectos a aplicar á entidade contratista acierta:



1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP).

2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución do dito servizo. (prego cláusula 25, art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001.

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP) .

### III.- Sobre o procedemento a seguir

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.

b) Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

c) Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.

d) Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

### IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a Presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación que adopte acordo nos seguintes termos:

**1º.-** Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo “Servizo de mantemento e conservación dos edificios do anexo I do prego de prescricións técnicas adxudicado á entidade “Acierta asistencia, S.A” polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro dá documentación obrante no expediente, resultando que da conducta do contratista se incumple a obriga principal do contrato, isto e, o mantemento dos ditos edificios.

**2º.-** Dar trámite de audiencia a “Acierta asistencia, S.A” e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

**3º.-** Finalizado o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

**4º.-** Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra o acordo de iniciación da resolución contractual e os acordos que de esta se derivan, con carácter de trámite, non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

**5º.-** Dar traslado ó Servizo de Arquitectura, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



## **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.**

*Escrito do Concello de Trabada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 259 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Trabada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (259) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Trabada presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TRABADA	259	OBRAS DE REFORMA E MELLORA DOS VESTIARIOS DO PAVILLON POLIDEPORTIVO (SANTE), INCLUIDO HONORARIOS	3410.76201	4.757,36 €

5. Por escrito de data 28/12/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRABADA	REM	ACONDICIONAMENTO DA ZONA DE VESTIARIOS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA PARROQUIA DE SANTE	3410.76201	0,01 €	4.757,36 €	4.757,37€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.





Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Trabada, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe a calquera outro emitido con anterioridade para o mesmo asunto.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Trabada e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRABADA	REM	ACONDICIONAMENTO DA ZONA DE VESTIARIOS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA PARROQUIA DE SANTE	3410.76201	0,01 €	4.757,36 €	4.757,37€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terreo para cooperar no financiamento da “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”.*

Visto o escrito do Servizo de Contratación e Fomento, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o asunto sobre a mesa para mellor estudo e consulta.

## **7.- PROPOSTA RELATIVA Á POSTA A DISPOSICIÓN E AO INICIO DOS TRÁMITES PREVIOS Á TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DUN INMOBLE PROVINCIAL A FAVOR DO MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que en relación co inmovible provincial denominado Antigo Hospital Psiquiátrico San Rafael de Castro de Rei ou Hospital de San Rafael a Xunta de Goberno celebrada o 16.12.2022 entre outros, o seguinte acordo: “Proposta de aprobación do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo cuxa parte dispositiva contén:

Primeiro. Aprobar o texto do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo” que se incorpora ao expediente.

Segundo.- Iniciar a tramitación de cambio de titularidade dominical do Hospital Psiquiátrico “San Rafael” (referencia catastral 000900500PH27G0001XZ –Edificación) a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones” de acordo coa lexislación patrimonial das entidades locais”.

Dáse traslado ao Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones do dito acordo provincial e do texto do Memorandum dirixido á consecución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acolida de Protección Internacional no inmovible provincial.

O 29.12.2022 solicitouse unha valoración do citado inmovible coñecido con Antigo Hospital Psiquiátrico ou Hospital de San Rafael situado na parroquia de Castro Riberas de Lea do Concello



de Castro de Rei en Lugo á empresa adxudicataria do procedemento de contratación do servizo de valoración de bens Taxo Valoración SL (Xunta de Goberno 7.10.2022).

Tendo en conta que a Secretaría de Estado de Migraciones (en adiante SEM), ten competencias na elaboración e desenvolvemento da política do Goberno en materia de estranxeiría, inmigración e emigración e de políticas de inclusión así como a planificación, desenvolvemento e xestión do sistema nacional de acollida integral e inclusión de solicitantes de asilo, refuxiados e outros beneficiarios de protección internacional.

Considerando que na execución de tales competencias se require a colaboración das autoridades municipais e locais para a localización de solares ou inmobles que teñan unha superficie de parcela que permita o desenvolvemento do tipo de centro definido, para a posterior compravenda ou cesión de uso e proceder á futura construción o rehabilitación do Centro de Atención Humanitaria, o que implicará entre outras vantaxes, a creación de postos de traballo para o municipio.

Atendendo os principios que rexen a xestión e administración dos bens e dereitos demaniais das administracións públicas o contido básico do artigo 6 f) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas que recolle entre outros o deber de cooperación e colaboración entre as Administracións Públicas no exercicio das súas competencias sobre o dominio público.

Así mesmo sinalamos que a Ley 40/2015 de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público establece, no artigo 140 f), entre os principios xerais das relacións interadministrativas a eficiencia en la gestión de los recursos públicos, compartiendo el uso de recursos comunes, salvo que no resulte posible o se justifique en términos de su mejor aprovechamiento.

En relación co deber de colaboración entre as Administracións Públicas o seu artigo 141d) expresa que, deberán prestar, en el ámbito propio, la asistencia que las otras Administraciones pudieran solicitar para el eficaz ejercicio de sus competencias

E entre as técnicas de cooperación que recolle o artigo 144 d) se define la prestación de medios materiales, económicos o personales a otras Administraciones Públicas.

A tales efectos a Unidade de Proxectos asina o 10.01.2023 a planimetría dos espazos e superficies dos inmobles provinciais que poden conformar o proxecto ministerial e ao que esta Deputación de Lugo coaduxa e no que en síntese define o edificio que esta entidade provincial pon a disposición para dito proxecto que se identifica co número de referencia catastral 000900500PH27G0001XZ cunha superficie de 14.873 m<sup>2</sup>. Xunto coa edificación, se unen as superficies que se corresponden coas porcións das parcelas catastrais 27010A219090040000PX con 526 m<sup>2</sup>/4.921 m<sup>2</sup>, 27010A219000010000PL con 11.730 m<sup>2</sup>/336.491 m<sup>2</sup> e 27010A219000020000PT con 15.751 m<sup>2</sup> /672.729 m<sup>2</sup> definidas na planimetría referida e que suman un total de 42.880 m<sup>2</sup>.

O informe asinado o 11.01.2023 baixo o CSV IV7BS7JS2EMN76V3YIHGEQHTBY pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, entre outros, determina que como paso previo á efectiva transmisión da titularidade provincial a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones definírase a necesidade e idoneidade do inmueble a cuxos efectos ponse a súa disposición os inmobles e superficies descritas para a execución dun Proxecto de Construción de Centro de Acollida de Protección Internacional no inmueble provincial. Así mesmo deberase efectuar a segregación, agrupación e regularización catastral das superficies afectadas en cada unha das parcelas referidas.

A Intervención Provincial emite informe o 12.01.2023 baixo o CSV IV7BSGQMIB4PJJM3QPWCGJYUDY no que conclúe que non existe inconveniente a tramitación da “posta a disposición” citada coas consecuencias derivadas da “aceptación” da mesma polo Ministerio citadas neste informe.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a posta a disposición dun total de 42.880 m<sup>2</sup> a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones integrados polo edificio denominado Hospital de San Rafael que se identifica co número de referencia catastral 000900500PH27G0001XZ cunha



superficie de 14.873 m<sup>2</sup>. E polas superficies que se corresponden coas porcións das parcelas catastrais coas referencias número 27010A219090040000PX con 526 m<sup>2</sup>/4.921m<sup>2</sup>, número 27010A219000010000PL con 11.730 m<sup>2</sup>/336.491 m<sup>2</sup> e número 27010A219000020000PT con 15.751 m<sup>2</sup>/672.729 m<sup>2</sup> definidas na planimetría elaborada ao efecto.

2º.- A posta a disposición queda vinculada a execución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acollida de Protección Internacional nos citados inmobles provincial.

3º.- Iniciar os trámites correspondentes para a segregación, agrupación e regularización catastral das superficies afectadas en cada unha das parcelas referidas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2022.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de setembro de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 056, do 10 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
ASOCIACIÓN COLECTIVO EGERIA	1.189,00 euros

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO AO OBXECTO DE SELECCIONAR INTEGRANTES PARA AMPLIAR UNHA LISTAXE DE DINAMIZADOR/A DIXITAL, PARA PRESTAR SERVIZOS LABORAIS TEMPORAIS VINCULADOS AO PROGRAMA “REDE DE OFICINAS ACELERA PEME PARA CONTORNAS RURAIS” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Na Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo vaise desenvolver, acolléndose a unha axuda convocada ao abeiro da Resolución de 15 de decembro de 2021 do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o Programa denominado “Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais”.

Para poñer en marcha e xestionar o Programa é preciso contar con persoal que preste servizos como Dinamizador/a dixital, cuxo financiamento irá con cargo a axuda concedida pola Entidade Pública Empresarial RED.ES (BOE número 305, do mércores 22 de decembro de 2021).

Constatando que, logo dun proceso de selección inicial cuxas bases foron aprobadas en Xunta de Goberno de data vinte e oito de outubro de dous mil vinte e dous, e unha vez rematado este coa publicación do decreto de creación da listaxe de emprego temporal en data vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous, non existe persoal suficiente na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar novo persoal temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as esixencias da normativa vixente, en particular as referidas ao Artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 24 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que establece: “Non se poderá contratar persoal temporal, nin



realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.

Nas listaxes de emprego temporal vixentes existe a categoría de Dinamizador/a Dixital, pero non conta con persoal suficiente para cubrir as prazas obxecto do programa, polo que resulta necesario convocar un novo proceso selectivo para ampliar a listaxe de Dinamizador/a dixital, ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia esixencia do programa.

Con fundamento no exposto con anterioridade; proponse á Xunta de Goberno en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 202, xoves 3 de setembro de 2020), que acorde:

**1º.-** Aprobar as Bases que rexerán o novo procedemento selectivo para a ampliación, mediante o sistema de concurso-oposición libre, da listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporal de Dinamizador/a dixital, Grupo B.

**2º.-** Que a listaxe de emprego temporal que se amplía sexa utilizada exclusivamente para á incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida pola Entidade Pública Empresarial RED.ES (BOE número 305, do mércores 22 de decembro de 2021), e vinculado ao Programa Rede de oficinas acelera Peme para contornas rurais, caducando cando remate.

**3º.-** Que a constitución, xestión e chamamentos das incorporacións do persoal da listaxe que se amplía, se realicen seguindo os criterios recollidos nas resolucións da Presidencia de datas 29 de setembro do 2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar.

5º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver o procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL DUN AUXILIAR TÉCNICO INFORMÁTICO DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que que D. José Amadeo Carballada Gesto, Auxiliar Técnico Informático do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Considerando que o Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 22 de decembro de 2022, fai comunicación de aprobación dun proceso de Incapacidade Permanente, do teor seguinte:

“El Instituto Nacional de la Seguridad Social informa que: con fecha 22-12-2022, ha resuelto reconocer una incapacidad permanente en el grado total a D. José Amadeo Carballada Gesto con NAF 27-00467770-51, trabajador de su empresa.

Se informa que la prestación de Incapacidad Permanente tiene fecha de efectos económicos 31-08-2022.

Se informa, a efectos de reserva del puesto de trabajo, que se procederá a instar el procedimiento de revisión por previsible mejoría que permita la reincorporación al puesto de trabajo antes de dos años, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 48.2 Estatuto de los Trabajadores”.





O artigo 194 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, establece literalmente:

“Se informa, a efectos de reserva del puesto de trabajo, que se procederá a instar el procedimiento de revisión por previsible mejoría que permita la reincorporación al puesto de trabajo antes de dos años, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 48.2 Estatuto de los Trabajadores”.

O Informe do Servizo de Recursos Humanos sinala que a referencia feita pola resolución do INSS ao disposto no artigo 48.2 do ET non resulta directamente aplicable a este suposto por canto o vínculo xurídico que regula a relación deste funcionario coa Entidade é de natureza administrativa polo que, en consecuencia, deberase entender que, se como consecuencia da dita revisión, si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apta para o traballo, habería de considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinala a lexislación administrativa, concretamente o artigo 68.1 do EBEP e a lexislación de función pública vixente, nese momento para adoptar decisión axustada a dereito.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) “b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas función”.

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de D. José Amadeo Carballada Gesto, con efectos económicos do día 31 de agosto de 2022, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida ao funcionario e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **11.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO Nº 362/2022.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº362/2022-F seguido a instancia de Mapfre España, S.A. “contra la desestimación de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por mi patrocinada en fecha 7 de Junio de 2022 contra el Excma. Diputación Provincial de Lugo a causa de un accidente de tráfico de fecha 28 de Julio de 2021, en la carretera LU-P-2917, cuando pilotaba D<sup>a</sup>. Mercedes Lovelle Fernández el vehículo Mercedes Benz, matrícula 6919-HWD, asegurado en Mapfre, al



irrupir súbitamente un corzo en la calzada, sufriendo importantes daños materiales el turismo”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e once minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.